

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

Na sesión plenaria celebrada o día 18 de setembro de 2022 aprobouse inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do Concello.

De conformidade co previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, co anuncio publicado no BOP de 28 de febreiro de 2022 iniciouse un período de información pública de vinte días, a fin de calquera persoa poida presentar as alegacións que estime convintes.

Transcurrido dito prazo conséntase que non se presentou alegación ou suserencia algunha, motivo polo cal, con data de 30 de marzo de 2022 enténdese aprobada definitivamente a modificación da relación de postos de traballo do Concello.

A relación de postos de traballo modificada pode consultarse na sede electrónica do concello de Outeiro de Rei, no apartado “portal de transparencia”, subapartado “institucional”, na dirección electrónica <https://outeiroderei.sedelectronica.gal/>

O presente acordo esgota a vía administrativa, e contra él poderán interporse recurso potestativo de reposición no prazo de un mes a contar dende a presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo.

Outeiro de Rei, 30 de marzo de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0747

## PARADELA

### *Anuncio*

#### **APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS**

O Pleno do Concello de Paradelas, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de febreiro de 2022, acordou aprobar a modificación do “Regulamento de funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello de Paradelas”.

A convocatoria e as bases aprobadas publicáronse no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello de Paradelas ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)) e na sede electrónica do Concello de Paradelas na seguinte dirección <http://paradela.sedelectronica.es>.

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contado dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Paradelas ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)).

As solicitudes presentáronse no Rexistro Xeral do Concello de Paradelas sito na Rúa Cabaleiros de Santiago, 15, en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, a través da súa sede electrónica “<http://paradela.sedelectronica.es>”, ou nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Paradela, 21 de marzo de 2022.- O Alcalde – Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 0748

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Paradelas en sesión ordinaria celebrada o 11/02/2022 acordou aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de Funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello de Paradelas. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP núm. 39, de 17 de febreiro de 2022, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

#### **“REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE PARADELA.**

##### ***Título I – DISPOSICIÓN XERAIS.***

##### ***1.- Obxecto.***

*Ten por obxecto o presente regulamento establecer o funcionamento do viveiro de empresas do Concello de Paradelas, regulando o procedemento de adxudicación de espazos, así como as relacións entre os cesionarios do espazo e o órgano de xestión e as normas de réxime interno.*